



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 22 DE DECEMBRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trinta minutos do día 22 de decembro de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO CULTURAL: ESPECTACULO TEATRAL "NOITEBOA"

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta

Visto o expediente de fixación do prezo público polo espectáculo teatral "Noiteboa", esta alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Fixar o prezo público polo espectáculo teatral "Noiteboa" organizado polo Concello en 8,82 euros.
- Expoñer ó público o presente acordo en virtude do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros, aprobar dita proposta.

PUNTO 2.- INFORMES DE SERVIZOS SOCIAIS

Lese o escrito RE 8.145 de data 15 de decembro de 2015 presentado por D^a. C.M.B. con enderezo na Rúa Calvario, nº 44-1^ºB da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Calvario, nº 44-1^º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 4.596 de data 14 de xullo de 2015 presentado por D. M.L.G.L., con enderezo na rúa Netos, nº 15, representando a D^a. R.L.A. con enderezo na Rúa Rosal, nº 38 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Rosal, nº 38.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 12 de novembro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. A.M.B..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

PUNTO 3.- BASES E CONVOCATORIA DUN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2016.

Vistas as bases do Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2016, a Xunta de Goberno Local deste Concello, órgano competente para elo, ACORDA:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada "Contratación persoas desempregadas", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado "Contratación persoas desempregadas para a prestación de servizos de competencia municipal"

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 160.107,66 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2016.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros. O órgano que adopta é competente para comprometer esta achega.

PUNTO 4.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 6.653 de data 9 de outubro de 2015, presentado por DNA. BEATRIZ MARTINEZ LOMBA, con enderezo na rúa Rosentes, nº 20 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga do obxecto tributario Puerto Rico, nº 15-1º C correspondente ó 2º trimestre de 2015 por consumo erróneo ó non se producir lecturas anteriores.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da empresa encargada da lectura dos contadores que di que se foron producindo lecturas cada trimestre, acorda desestimar a súa solicitude xa que a lectura correspondente ó 2º trimestre de 2015 é correcta.

Lese o escrito RE 6.349 de data 28 de setembro de 2015, presentado por DNA. TERESA SANROMAN ESPINOSA, con enderezo na Avda. Argentina, nº 25ª de



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

Cerdanyola del Valles (Barcelona), solicitando a anulación dos recibos por consumo de auga do obxecto tributario Rosentes, nº 14 correspondentes o 4º trimestre de 2014 e 1 trimestre de 2015 debido a consumos excesivos por avaría moi difícil de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular os recibos do 4º trimestre de 2014 e 1º trimestre de 2015 e emitir uns novos pola media ponderada. Non obstante, xúntaselle dito informe para que o poña en coñecemento do seu fontaneiro particular .

Dase conta do escrito RE 8.097 de data 11 de decembro de 2015, remitido pola DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 19 de novembro de 2015 denegando a subvención solicitada relativo ó incremento de financiamento para o módulo do SAF.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 8.062 de data 10 de decembro de 2015, remitido pola CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA - XEFATURA TERRITORIAL, xuntando informe sobre a reforma da cuberta do pavillón do CEIP As Solanas -Nicolás Gutiérrez Campo.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 8.304 de data 21 de decembro de 2015, remitido pola DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando o decálogo que aplicará como criterio para as actuacións nas vías provinciais tanto de iniciativa provincial como das executadas mediante convenios cos concellos.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Sendo as once horas e vinte minutos o sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.